

**CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA O TERCEIRO EXERCICIO DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DA CATEGORÍA PROFESIONAL TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE FOTOCOMPOSICIÓN, GRUPO III, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE FEBREIRO DE 2024.**

O tribunal de selección, reunido en sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2024, acordou:

**Facer públicos os criterios de corrección do terceiro exercicio** do procedemento selectivo, segundo se indica:

- O terceiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa específico, no que os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
- O tempo para a realización deste exercicio será de 2 horas.
- Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos.
- O tribunal avaliará a calidade técnica das solucións propostas, a capacidade de realizar o deseño proposto, os coñecementos sobre os programas propostos, a claridade e adecuación ás indicacións do exame.

**Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:**

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 10:30 horas do día 29 de xaneiro de 2025, diante da aula AI3 da facultade de Ciencias da Comunicación, avenida de Castelao, s/n 15782, Santiago de Compostela. A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra H, de conformidade co establecido na Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de bolígrafo.
- Xunto co exame, porase a disposición das persoas aspirantes unha «folha de datos persoais» que cubrirán, antes do inicio do cómputo de tempo para a celebración da proba, cos seguintes datos: nome, apelidos, DNI e número do dispositivo USB que se porá á súa disposición.
- O dispositivo USB que se entregará ás persoas aspirantes conterá os arquivos necesarios para a realización do suposto formulado polo tribunal.
- Unha vez cuberta a «folha de datos persoais», verificado que os equipos conteñen os arquivos necesarios para a realización da proba, o tribunal indicará o comezo do cómputo do tempo para a realización da proba.

- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal. Non obstante, as persoas aspirantes poderán abandonar a aula unha vez transcorridos os primeiros 30 minutos dende o comezo do exame
- Finalizado o seu exercicio pola persoa aspirante, e sempre dentro do límite máximo das 2 horas concedidas para a realización da proba, deberá gardarse o resultado do suposto práctico no dispositivo USB. Para estes efectos, o tribunal irá informando do tempo dispoñible.
- Os aspirantes entregarán o dispositivo USB e a “folla de datos persoais» cando lle sexa solicitado polo tribunal, co obxecto de proceder a impresión do exame acompañado por un membro do tribunal.
- Impreso o suposto práctico, gardarase co código correspondente. Este mesmo código recollerase na «folla de datos persoais». Ambos documentos serán depositados en sobres separados para garantir o anonimato na corrección dos exames.
- O suposto práctico impreso non poderá conter ningún tipo de identificación da persoa aspirante nin tampouco marcas ou sinais que poidan inducir á súa identificación. En caso de contravir o antedito, as persoas afectadas serán excluídas do proceso selectivo.
- O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir as persoas aspirantes durante a celebración do exercicio.
- Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura no suposto práctico impreso que poida inducir á súa identificación, de facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.

**Cuarto:** Establecer que serán causa de exclusión do proceso selectivo:

1. A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico. Non se dispón de servizo de recollida ou depósito deste material.
2. Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique o remate do tempo de exame.
3. Falar, copiar ou intercambiar información co exterior ou calquera persoa participante neste proceso.

**Quinto:** Reclamacións.

Consonte coa base 6.8 da Convocatoria: “As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio”.

**Sexto:** O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Subárea de Planificación e Programación de PAS da Universidade as

instrucións detalladas para desenvolvemento da proba con antelación á data da súa celebración

O presidente do tribunal  
Isolino Castiñeiras Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ISOLINO CASTIÑEIRAS VAZQUEZ, NIF \*\*\*3929\*\*, 13/01/2025 23:30:31.

CSV: 5E30-6ABB-486E-A9E0